

Estimados pais e nais:

A través desta carta, queremos darlles a benvida ao novo curso académico 2018/2019. Ao mesmo tempo, informamosvos dos seguintes temas relaciondos coa ANPA.

- **CUOTA ANPA + SEGURO ESCOLAR:** A cuota para este ano mantense en 23€ (18 cuota apa + 5 seguro). En caso de ser varios irmáns, non se volvería a cobrar a cuota de socio, so o seguro (2 irmáns 28€, 3 irmáns 33€). O seguro escolar cubre calquer percance que poidan ocorrer aos nenos nas actividades extraescolares, festas organizadas pola ANPA e tamén as saídas e excursións que se programen para o curso e organizadas pola ANPA.
- **CARNET DE SOCIO:** Hai que ser socios da ANPA e traer unha foto para facer o carnet. Con este carnet, teredes unha serie de descontos en varios establecementos (colgado en Facebook o listado de tendas). Os que xa o teñan, deberán traelo a oficina para volver a renovalo.
- **MADRUGADORES:** Para aquelas familias que necesiten deixar aos nenxs no colexio antes da hora de entrada. O servizo empeza a partir das 07:30 a partir do luns 11 de Setembro. O prezo é:

1 NENO = 28€/MES	2 irmáns: 47,60€	Días soltos: 2€/día	Medio mes:15€
------------------	------------------	---------------------	---------------

- **AUTOBÚS:** Contamos con 2 autobuses para facer o transporte daqueles alumnos que non teñen dereito ao bus gratuito da Xunt. Se queren facer uso deste servizo deben poñerse en contacto con nos para informarnos das paradas máis próximas ao domicilio, horario.... O prezo é:

1 NENO = 32€/MES	2 irmáns: 48€	
------------------	---------------	--

- **COMEDOR ESCOLAR:** A ANPA xestiona este servizo, pero a día de hoxe non hai prazas dispoñibles. Todo o alumnado interesado neste servizo, entraría nunha lista de espera e iriamos chamando si se produce algunha vacante. Os prezos son os seguintes:

FIXO	5€/DÍA	Os irmáns terán un 15% d desconto
EVENTUAL	6€/DÍA	

- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:** Para participar nelas é obrigatorio ser socio da ANPA. Nos próximos días volveremos a poñernos en contacto para informarlle das actividades previstas para este curso. A intención é que empezen na primeira semana de outubro.
- **ASAMBLEA XERAL,** terá lugar o venres 21 no colexio, as **20:15** en primeira convocatoria e as **20:45** en segunda convocatoria. *Ver orde do día ao dorso desta páxina.*

Para poñerse en contacto coa ANPA TORRE DE GOIÁNS, tendes varias posibilidades:

- o **Tel.:** 679208853
- o **Mail:** anpatorredegoians@gmail.com
- o **FACEBOOK:** buscar o grupo ANPA TORRE DE GOIÁNS
- o **HORARIO ATENCIÓN NA OFICINA DA ANPA** (no colexio): tódolos martes, de 08:45 a 11:00.

Dende a Xunta Directiva da ANPA TORRE DE GOIÁNS, aproveitamos para enviar un cordial saúdo a tódolos pais e nais.